

EXPTE. NÚM.: 2022/G010/000009
DECRETO: 530/2022

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

De acordo co establecido no art. 18 do Regulamento Orgánico do Concello de Dodro e no acordo plenario do día 03/07/2019 no que se aprobou a periodicidade das sesións ordinarias do pleno, para maior estudo dos asuntos que se prevén tratar, o pleno ordinario do mes de outubro realizarase o día 18/10/2022 en lugar do 13/10/2022.

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: martes 18 de outubro de 2022

Hora: 20:00

Lugar: Casa do Concello

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) Dación en conta:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

B) Deliberación e acordo:

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES
4. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN 234/2022, DE 23/06/2022 PARA A POSTA EN MARCHA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2022/23
5. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 467/2022 DO 09/09/2022 RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

6. ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS

ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

C) Mocións:

7. REXEITAMENTO DO VETO A PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA

8. GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE-EN DEFENSA DO SERVIZO BASICO E ESENCIAL DA EDUCACION PUBLICA

9. GRUPO DE GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE DODRO-SOBRE A PROBLEMATICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

10. MOCIÓN DE APOIO AO MANIFESTO EN DEFENSA DA CRTVG-GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE DODRO

11. ROGOS E PREGUNTAS

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles de que están a súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar na sede electrónica do concello www.sede.dodro.gal no apartado "Portal de cargos electos".

Dodro, xoves 13 de outubro de 2022

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo, que da fe.